

Os colleiteiros Elisa Collarte e Alfredo Alvarado gañan os Bacelos de Prata A UNED pechou un curso para respectar e coñecer o patrimonio medieval da capital de O Ribeiro

Ourense / La Voz Ourense / La Voz

10/4/2011

Valoración (0 votos)

Menéame

0

Me gusta

1

A adega do colleiteiro Elisa Collarte Bernárdez e a adega de Alfredo Alvarado Pires son as dúas gañadoras da oitava edición dos premios Bacelos de Prata, segundo o fallo do xurado reunido na mañá de onte no Pazo de Esposende. O galardón para Elisa Collarte Bernárdez débese, segundo os membros do xurado, á utilización da lingua galega desde hai moitos anos na etiquetaxe e na publicidade das súas marcas Cordón de Santo André, viño branco de variedades autóctonas, treixadura, godello, albariño e loureira e o tinto Elisa Collarte, feito sobre todo con variedade mencia e con crianza de seis meses en barrica. Son viños de coñecida calidade e prestixio. Tamén subliña o xurado neste caso o seu compromiso na aposta de utilización «do noso idioma como sinal de identidade e garantía da orixe que vincula o produto á terra». Tamén consideran os membros cualificadores que a lingua galega empregada na etiqueta destes caldos «reforza a denominación de orixe dun país cunha cultura de seu».

Emprego do galego

No caso de Alfredo Alvarado Pires di o xurado que tamén se lle premia polo emprego da nosa lingua desde hai moito tempo nas súas etiquetas do seu viño Acinus, que está elaborado coas castes autóctonas treixadura, loureira e albariño, viño «de calidade contrastada», di a acta. Neste caso tamén se subliña a aposta persoal de Alfredo Alvarado no interese en identificar o seu viño coa lingua de orixe. O xurado manifesta «o orgullo co que aposta por un viño de calidade, en galego, que é fundamental para espallar a riqueza da nosa lingua e cultura».

Formaron o xurado Avelino Muleiro García, presidente da Asociación Álvaro das Casas; Benigno Campos Melón, cociñeiro do programa da TVG Larpeiros; Xosé Lois González Vázquez, ?O Carrabouxo?; Maribel Gómez Soriano, enóloga; Emilio Docampo Diéguez, dono da adega Casal de Paula, premiado o ano pasado; Xosé González Martínez, presidente do Foro Peinador; Cándido Vázquez Mosquera, membro da Álvaro das Casas e Carme Pérez Vaquero, secretaria.